

NORMAS XERAIS

- ❑ Na Biblioteca debemos gardar o maior silencio posible para non molestar ás persoas que están estudando ou lendo.
- ❑ Manter en orde a Biblioteca é cousa de todos así que cando marches deixa a silla no seu sitio, as revistas no expositor, recolle a mesa, etc.

SERVICIOS DA BIBLIOTECA

LECTURA E CONSULTA EN SALA



Mentras estas na Biblioteca podes consultar os libros e revistas que queiras, pero cando remates tes que deixalos no seu lugar: as revistas no expositor, os xornais na mesa da zona de lectura e os libros consultados na mesa da zona de xestión.

A ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA

Os libros están organizados por materias seguindo a Clasificación Decimal Universal (C.D.U.).

Dentro de cada estante os libros están colocados por orde alfabética, e no seu lombo levan unha etiqueta coma esta:

82G-3	—	No de CDU
RIV	—	Apelido do autor
lap	—	Título do libro

Esta etiqueta correspondería a un libro de Literatura en galego (CDU: **82G**); como leva tamén o **3** sabemos que é unha narración ou un conto. Se fora teatro levaría un 1 e poesía un 2.

Foi escrito por Manuel **RIV**as e o seu título é O **lap**is do carpinteiro. Como ves as tres letras maiúsculas corresponden as iniciais do primeiro apelido do autor e as tres letras minúsculas á primeira palabra do título, excluindo artigos e preposicións.

SERVICIO DE PRÉSTAMO

- ❑ Podes levar en préstamo libros, agás os que teñan un círculo vermello. O resto do material - Cds, DVDs, vídeos- so se prestan coa autorización expresa dun profesor.
- ❑ Para poder levalos é necesario cubrir unha ficha cos teus datos e os do libro e entregarlle a persoa que esté nese momento encargada da biblioteca. Cando os devolvas tamén debes darllo a quen nese momento se ocupe da Biblioteca.



- ❑ Podes levar en préstamo dous libros pero pensa nos demais e non leves máis dos que vas a poder utilizar.
- ❑ Si incumples reiteradamente os prazos de devolución perderás o dereito a levar material en préstamo durante un período de tempo.
- ❑ O deterioro ou perda dos materiais suporá a súa reposición ou abono en metálico.